

A cibermentoría, un servizo de axuda entre iguais para o acompañamento na cidadanía dixital

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 22-24

Javier García Barreiro

Orientador do IES Johan Carballeira
(Bueu)

javier.garcia@edu.xunta.es

María del Pilar Rodríguez Fernández

Docente no IES Fermín Bouza Brey
(Vilagarcía de Arousa)

pirodriguez@edu.xunta.es

Na última década, os centros escolares veñen desenvolvendo iniciativas que, tomando ao alumnado como protagonista, teñen por obxectivo mellorar a convivencia escolar en positivo. Organizando na escola estruturas sostibles, trátase de dar protagonismo aos mozos e mozas ensinándolles a ser responsables do benestar dos iguais e observadores activos en situacións nas que o apoio, o respecto e a solidariedade son imprescindibles.

O desenvolvemento destes Sistemas de Axuda entre Iguais (SAI) (Avilés, 2016) lévase á práctica baixo modelos e forma-

tos diferentes, sendo posible ordenalos dende os que requiren menor formación, capacitación e desempeño aos que máis as precisan: a acollida entre iguais, a axuda entre iguais (círculos de amigos, alumnado axudante, grupos de axuda...), a titoría entre iguais, a mediación escolar, a mentoría e a cibermentoría.

Os centros, ao crear estes servizos, ofrecen oportunidades para que o alumnado descubra en si mesmo, ensaie e desenvolva competencias socio-emocionais nunha contorna protexida como é a escola. Os beneficios van máis alá da propia axuda que o alumnado formado presta

aos seus compañeiros e compañeiras. Supón unha oportunidade para que se reflexione sobre o traballo en convivencia, cuestionando os xeitos de proceder na xestión dos conflitos, agrupando sensibilidades, sumando esforzos, ilusión e sendo motor da innovación educativa. Neste senso, os centros escolares galegos organizáronse para compartir formación, recursos e experiencias en rede (García, Sanz, Cortes e Núñez, 2014).

A CIBERMENTORÍA: MODELOS E EXPERIENCIAS

A cibermentoría é un sistema de axuda entre iguais no que o alumnado dos cursos máis altos da ESO é quen de ofrecer acompañamento, apoio e consello ao alumnado máis pequeno en situacións problemáticas que lles poidan xurdir na xestión das súas relacións interpersoais nas redes sociais e Internet. Tamén, ten como función formar ao alumnado máis pequeno no uso positivo e seguro da Rede, realizando sesións preventivas e creando materiais de concienciación sobre as temáticas que abordan.

Vén funcionando nos países anglosaxóns (Cowie e Jennifer, 2007) como resposta a situacións de *ciberbullying* e outros problemas nas contornas virtuais. En España adoptou diversas fórmulas, mais sempre como experiencias baseadas na metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo Solidario e no marco da axuda entre iguais, a saber:

Cibermanagers (<http://cibermanagers.com>), como experiencia nada da colaboración entre Pantallas Amigas e o Colexio Santa María de Portugaleta. No 2016, a C.A. de Madrid impulsou o programa apoiado por Vodafone e Pantallas Amigas.

Ayudantes TIC Madrid Sur (<http://ayudantesticsur.blogspot.com.es>), liderado por José Antonio Luengo, iniciouse na zona sur desa C.A. no curso es-

colar 2012-2013, no marco de traballo das Mesas de Saúde locais, centrando a intervención do alumnado axudante na educación primaria.


Cibermentores (<https://goo.gl/1RRLn4>): desenvólvese no IES Parquesol de Valladolid baixo a coordinación de José María Avilés. O autor é dos primeiros en atribuír funcións de mentoría ao servizo, que funciona en combinación cun programa de prevención de riscos denominado PRIRES (Avilés, 2016).

En Galicia, foi o IES Fin do Camiño de Fisterra, no curso escolar 2014-2015, o primeiro en implantar a Cibermentoría (**Cibermentores**: <https://goo.gl/JyrHuc>). A iniciativa foi recoñecida co Premio aos Proxectos Escolares 2016 da Fundación Barrié e o vídeo "Pasa do ciberbullying, usa Internet con bo gusto" gañou o certame "2016: O reto do acoso escolar".

ALGUNHAS REFLEXIÓNS

A cibermentoría xorde para apoiar a intervención do centro no acompañamento para a cidadanía dixital e na xestión dos conflitos derivados das novas tecnoloxías. Aparece nun contexto social que avanza con rapidez cara a era dixital, e que presenta grandes retos a toda a comunidade escolar. Os e as adolescentes atópanse cuns medios que, por ser contemporáneos a eles e elas, precisan da colaboración dos seus adultos de referencia dentro e fóra da escola.

As redes sociais son o espazo natural de relación para os mozos e mozas. A violencia relacional, especialmente o *ciberbullying*, a difusión de contravalores, o xogo de apostas *online* e os usos abusivos, son parte das preocupacións de familias e educadores. Precísase do deseño de programas inte-



grais que fagan fincapé nos usos positivos e nas oportunidades da Rede como ferramenta que promove a participación social, o empoderamento das persoas, a creatividade e a comunicación, evitando reducir as intervencións a charlas puntuais que sinalan os riscos. Cómpre entender que é no desenvolvemento de habilidades de vida (autoestima, empatía virtual, autocontrol, autonomía etc.) onde radica a auténtica prevención dos usos problemáticos en Internet.

É fundamental a implicación das familias no acompañamento aos menores no proceso de construción voluntario e consciente da súa identidade dixital e no acceso á Rede como unha oportunidade de desenvolvemento. A comprensión da Rede como espazo de relación facilitará unha abordaxe positiva. É urxente que as familias perdan o medo a participar e convivir nas contornas dixitais, modelando nos e nas adolescentes hábitos de vida saudables e habilidades de vida do mesmo xeito que o fan

fóra da Rede. Neste eido as familias son especialistas.

No desenvolvemento das nosas competencias profesionais, os e as docentes estamos a integrar as TIC como parte das metodoloxías activas na aula, ofrecendo modelos de boas prácticas e actuando como guías no proceso de aprendizaxe do alumnado tamén nas contornas dixitais.

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia vén de deseñar o currículo da materia *Identidade dixital* e, no espazo web do marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar (<https://eventos-edu.xunta.gal/identidade-dixital>), atópase a publicación *Identidade dixital*. Cómpre que se impulsen programas que promovan espazos de reflexión na comunidade educativa e que axuden a construír unha cidadanía dixital ética (Luengo, 2016), ou unha cibercidadanía activa, participativa e responsable (Flores, 2009) na que as relacións na Rede dos e das mozas sexan expresión dos dereitos humanos. ■



REFERENCIAS

- AVILÉS, J. M^a. (2016, en prensa). *Programa PRIRES. Prevención de Riesgos en las Redes Sociales*.
- AVILÉS, J. M^a. e GARCÍA, J. (2016). *Cibermentor&S. Un servicio de apoyo entre iguales para la gestión de la convivencia en las redes sociales en los centros educativos*. A Coruña. Fundación Barrié. Recuperado de <https://goo.gl/5rFd5S>
- AVILÉS, J. M^a., ALONSO, M. N. e TOGNETTA, L. (abril de 2014). *Redes sociales y ciberconvivencia. Contenidos de trabajo para el desarrollo moral en la escuela. Programa Educativo PRIRES*. Comunicación presentada en el VII Congreso Internacional de Psicología y Educación y XXI-INFAD, Badajoz, España.
- COWIE, H. e JENNIFER, D. (2007). *Managing violence in schools. A whole-school approach to best practice*. London: Paul-ChapmanEducationalPublishing.
- FLORES, J. (2009). *Uso seguro de Internet y ciudadanía digital responsable. Pantallas amigas*. Recuperado de <https://goo.gl/QviyyG>
- GARCÍA, J., SANZ, M., CORTES, B. e NUÑEZ, C. (2014). *Redes de centros para una convivencia positiva*. *Revista de Innovación Educativa* (24), 49-62.
- LUENGO, J. A. (2016). *El proyecto de alumnos ayudantes: Educar en el buen uso de las Tic con el protagonismo del alumnado y los centros educativos*. Fundación Promoción Social. Recuperado de <https://goo.gl/EbMwS6>
- Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta. *Diario Oficial de Galicia*, 18 de agosto de 2017, núm. 156, pp39749-39786. [Anexo: Identidade Dixital]